

A INSPECCION DE TRABALLO CONTROLA O HORARIO COLABOREMOS!

A Dirección Xeral da Inspección de Traballo, deu instrucións ás Inspeccións Provinciais, para intensificar o control en materia de xornada e horas extraordinarias nas empresas. A orixe desta instrución atópase nas sentenzas ditadas recentemente, especialmente a sentenza da AN de 4/12/2015, contra Bankia.

A I.T. (Inspección de Traballo) recoñece que o sector financeiro é un dos sectores nos que máis horas extraordinarias non declaradas realízanse e onde a incidencia das prolongacións de xornada é maior, o que supón unha fraude á Caixa de Facenda e da Seguridade Social.

A I.T. está a verificar: a existencia do **Rexistro diario de xornada** co horario de entrada e saída de cada traballador/a, a do **Resumo de xornada mensual** realizada, o **Rexistro de horas extraordinarias** -de forma documentada e verificable- e se se realizou a correspondente **comunicación destes rexistros á Representación Sindical**.

Para realizar esta actividade, a I.T. igualmente entrevistará os traballadores e traballadoras e aos seus representantes legais para obter testemuños que permitan completar a acción inspectora. En caso de incumprimento, levantarase as correspondentes actas de infracción.

Hai que ter en conta a importancia da declaracións dos traballadores/as entrevistados nas visitas de inspección, polo que é fundamental que traslademos á I.T. a situación real do persoal de BBVA, con prolongacións sistemáticas de xornada non retribuídas nin compensadas.

As instrucións da I.T. expresamente sinalan que as entrevistas cos empregados/as deberán facerse de modo reservado, sen a presenza de encargados ou representantes da empresa.

CCOO estaremos vixiantes no desenvolvemento deste proceso, pola vital importancia que ten na vida de todas as persoas que traballamos en BBVA.

SEGUIMOS TRABALLANDO, SEGUIREMOS INFORMANDO.

Setembro 2016.

CCOO servicios bbva

Tel. 981 95 32 21 - 93 634 83 99 - bbvaccoo@servicios.ccoo.es

www.ccoo-servicios.es/bbva/ - tablón sindical en espacio - www.ccoo-servicios.info

<https://www.facebook.com/ccoobbva> - <https://twitter.com/ccoobbva>

adherida a la **unión network international**